

# BANDO

## Ingreso Mínimo Vital

### Concepto:

Prestación económica que garante un nivel mínimo de renda para a cobertura das necesidades básicas a quen se atope en situación de vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes destinada a prever o risco de pobreza e exclusión social. A renda garantida vai desde 462€ para unha persoa ata 1.015€ para unidades de convivencia de 5 integrantes.

### Requisitos xerais:

Todas as persoas beneficiarias, estean ou non integradas nunha unidade de convivencia, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- **Ter residencia legal e efectiva en España e tela de forma continuada e ininterrompida durante polo menos o ano inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude.** Agás menores que se incorporen á unidade familiar, persoas vítimas de trata e de explotación sexual, ou mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Para ser titular, ter unha idade **entre 23 e 65 anos**, agás que se teñan fillas ou fillos menores a cargo.
- Atoparse en situación de vulnerabilidade económica por **carecer de rendas, ingresos ou patrimonio suficientes**: a media mensual do conxunto de **ingresos e rendas anuais computables** da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao **exercicio anterior sexa inferior, polo menos en 10 euros, á contía mensual da renda garantida con esta prestación que corresponda en función da modalidade e do número de membros da unidade de convivencia.** Os bens patrimoniais, excluída a vivenda habitual non poden superar 3 veces o IMV que lle corresponda.
- **Solicitar as pensións e prestacións vixentes ás que puidesen ter dereito**, exceptuando os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.
- Figurar **inscritas como demandantes de emprego se non están a traballar**, e, son maiores de idade ou menores emancipados, salvo nos supostos que se determinen regulamentariamente.

As **persoas beneficiarias que non formen parte dunha unidade familiar deberán vivir de forma independente durante polo menos tres anos antes da solicitude** do IMV (acreditar que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acoirazados durante tres anos inmediatamente anteriores á solicitude). Este requisito non se esixirá ás persoas que por ser vítimas de violencia de xénero abandonasen o seu domicilio habitual ou ás que iniciasen os trámites de separación ou divorcio.

Cando as persoas beneficiarias **formen parte dunha unidade de convivencia, esixirase que a mesma estea constituída durante polo menos o ano anterior á presentación da solicitude**, de forma continuada, agás nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

### Contía do IMV:

A contía mensual da prestación de IMV que corresponde á persoa beneficiaria individual ou á unidade de convivencia virá determinada **pola diferenza entre a contía da renda garantida e o conxunto de todas as rendas e ingresos da persoa beneficiaria ou dos membros que compoñen esa unidade de convivencia do exercicio anterior sempre que a contía resultante sexa igual ou superior a 10 euros mensuais.**

### Información e Solicitudes:

As solicitudes e documentación complementaria presentaranse na sede electrónica da Seguridade Social ou a través daqueles outras canles de comunicación telemática que o INSS teña habilitados para o efecto. <https://www.mscbs.gob.es/ssi/covid19/ingresoMinVital/home.htm>  
<http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/FAQ/48581/42b9f3e8-8eea-4106-864e-2b5bdad27269>  
<http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/HerramientasWeb/2ad78382-92f4-4ff1-a26f-c9b06fa627c7>  
<https://ingreso-minimo-vital.seg-social-innova.es/simulador>

### Prazo de Solicitude: O prazo para solicitar o IMV iníciase o luns 15 de xuño de 2020

Para máis Información poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello mediante o teléfono 986564409 ou o email [ssociais@pontecesures.org](mailto:ssociais@pontecesures.org).

**Non se atende sen cita previa por mor da actual situación sanitaria pola COVID-19.**

Pontecesures, 5 de xuño de 2020  
O ALCALDE, Juan Manuel Vidal Seage



# CONCELLO DE PONTECESURES

